

Documento	Expediente	Fecha
CMG1111BF		10-07-17 08:38

Número 12 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á inclusión no sistema ORA de curta duración da zona da rampla de acceso á praza de abastos.

Destinatario

15078DCMG1111BFV



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 07 de xullo de 2017 adoptou o seguinte acordo:

 NÚMERO 12 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á INCLUSIÓN NO SISTEMA ORA DE CURTA DURACIÓN DA ZONA DA RAMPA DE ACCESO Á PRAZA DE ABASTOS.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 4 de xullo de 2017, do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia. Así mesmo, do informe da xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade Cidadá, cuxo teor literal é o seguinte:

"Visto o informe do técnico deste servizo de data 30 de xuño de 2017 no que se pon de manifesto, que debido ás demandas dos residentes da zona, e dada a proximidade do Mercado de Abastos, considerase conveniente ampliar con 8 prazas do sistema ORA na rampla que da acceso á Praza de Abastos, no réxime de curta duración que xa rixe no resto do entorno do mercado. Inclusión que suporía unha maior rotación de vehículos.

Na actualidade estas prazas está reservadas para servizo da hostalaría da cidade, dende a 8:00 horas ata a 11:30 horas, quedando o aparcamento libre o resto do horario.

Tendo en conta o anterior a nova regulación do sistema ORA de curta duración comezaría as 11:30 horas ata as 14:00 horas e de 16:30 horas a 20:30 horas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111BF	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-07-17 08:38

De conformidade co preceptuado na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes: a Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico e Mobilidade, poderá:

Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para tódalas zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado.

En consecuencia, propónse, que pola Xunta de Goberno se acorde:

Incluír a zona da rampla que da acceso á Praza de Abastos no sistema ORA de curta duración, con horario dende as 11:30 a 14:00 horas e de 16:30 horas a 20:30 horas, manténdose a reserva para os usuarios de hostalaría dende as 8:00 horas a 11:30 horas.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; modificándose a sinalización de zona conforme o acordo que se adopte.

Notificarase á entidade Setex Aparki S.A. que na actualidade se atopa a prestar o servizo de xestión do sistema ORA."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Incluír a zona da rampla que da acceso á Praza de Abastos no sistema ORA de curta duración, con horario dende as 11:30 a 14:00 horas e de 16:30 horas a 20:30 horas, manténdose a reserva para os usuarios de hostalaría dende as 8:00 horas a 11:30 horas.

Para xeral coñecemento, este acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; modificándose a sinalización de zona conforme o acordo que se adopte.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111BF	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-07-17 08:38

Notificarase á entidade Setex Aparki S.A. que na actualidade se atopa a prestar o servizo de xestión do sistema ORA.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

